

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014520	Pedra da Auga	Ponteareas	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CBADG11	Servizos administrativos	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3002	Aplicacións básicas de ofimática	2023/2024	10	240	288

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JUAN MANUEL FRAGA LOPEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A presente programación realízase tomando como referencia o contido do Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica de ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establece o currículo do título profesional básico en Servizos Administrativos. Está presente en tódolos sectores produtivos, así como na Administración, e destaca polo seu alto grado de transectorialidade. O I.E.S. Pedra da auga está emprazado en Ponteareas, situada na comarca de O CONDADO.

Da análise da realidade económica na bisbarra do Condado Paradanta, obsérvase unha economía moi diversificada, pois aparte do cultivo do millo e da pataca, abriuse un abanico de novas producións, sobre todo en invernadoiros, como son as flores ornamentais, hortalizas, os viñedos e plantacións de kiwis.

Existe un sector industrial ligado á construción e industrias auxiliares, que nos últimos tempos estase a abater por mor da fase de recesión económica global. Sobresae a industria da madeira e da alimentación.

As formas xurídicas predominantes nas empresas do entorno son as SL e empresas individuais. Respecto a súa dimensión atopámonos perante pemes e microempresas.

No sector servizos, as actividades que poderán desenvolver os nosos alumnos céntranse nos seguintes ámbitos:

Financeiro:

- Bancos privados e públicos.
- Caixas de aforro, hoxe en día fusionadas e convertidas en bancos.
- Corporacións e institucións de crédito financeiro.
- Seguros.
- Outros servizos financeiros prestados ás empresas.
- Servizos de información sobre solvencia de persoas e empresas e xestión de cobros.
- Asesorías xurídicas, fiscais e xestorías.
- Servizos de auditoría económica e financeira.

O módulo Aplicacións básicas de Ofimática (Código MP3002) impártese no segundo curso do título profesional básico Servizos Administrativos, contén a formación asociada á función de tramitar a información en liña e a elaboración de documentos informáticos mediante follas de cálculo e a aplicación de presentacións.

Dito currículo indica que a formación do módulo Aplicacións básicas de ofimática (Código: MP3002) ten unha duración de 240 horas e relaciónase cos obxectivos xerais b) e c) do ciclo formativo, e coas competencias profesionais, persoais e sociais b) e c). Ademais, relaciónase cos obxectivos s), t), u), v), w), x) e y), e as competencias q), r), s), t), u), v) e w), que se incluírán neste módulo profesional dun xeito coordinado co resto dos módulos profesionais

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Traballo nun entorno de internet e redes	Tramitar información en liña aplicando ferramentas de internet,extranet, intranet e outras redes	30	12
2	Correo electrónico	Realización de comunicacións internas e externas mediante correo electrónico	30	12
3	Follas de cálculo	Elaboración de follas de cálculo	144	50
4	Elaboración de presentacións	Elaboración de presentacións gráficas utilizando aplicacións informáticas	84	26

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Traballo nun entorno de internet e redes	30

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Tramita información en liña aplicando ferramentas de internet, intranet e outras redes	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as redes informáticas ás que se pode acceder
CA1.2 Diferenciáronse os métodos de procura de información en redes informáticas
CA1.3 Accedeuse á información a través de internet, intranet e outras redes de área local
CA1.4 Localizáronse documentos utilizando ferramentas de internet
CA1.5 Situáronse e recuperáronse ficheiros almacenados en servizos de aloxamento de ficheiros compartidos (?a nube?)
CA1.6 Comprobouse a veracidade da información localizada
CA1.7 Valorouse a utilidade de páxinas institucionais e de internet en xeral para a realización de trámites administrativos

4.1.e) Contidos

Contidos
Redes informáticas: redes locais (tipos e compoñentes), redes sen fíos, internet e intranet.
Procura activa en redes informáticas.
Páxinas institucionais.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Correo electrónico	30

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza comunicacións internas e externas mediante as utilidades de correo electrónico seguindo as pautas marcadas	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse os procedementos de transmisión e recepción de mensaxes internas e externas
CA2.2 Utilízouse o correo electrónico para enviar e recibir mensaxes internas e externas
CA2.3 Anexáronse documentos, vínculos, etc., en mensaxes de correo electrónico
CA2.4 Empregáronse as utilidades do correo electrónico para clasificar contactos, listas de distribución de información, etc
CA2.5 Aplicáronse criterios de prioridade, importancia, seguimento, etc., no envío de mensaxes, seguindo as instrucións recibidas
CA2.6 Comprobáronse as medidas de seguridade e confidencialidade na custodia ou no envío de información, seguindo pautas prefixadas
CA2.7 Organizouse a axenda incluíndo tarefas, avisos e outras ferramentas de planificación do traballo

4.2.e) Contidos

Contidos
Procedementos de transmisión e recepción de mensaxes internas e externas.
Envío e recepción de mensaxes por correo.
Inclusión de documentos e vínculos en mensaxes de correo electrónico.
Medidas de seguridade e confidencialidade na custodia e no envío de información.
Organización da axenda para incluír tarefas, avisos e outras ferramentas de planificación do traballo.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Follas de cálculo	144

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Elabora documentos utilizando as aplicacións básicas de follas de cálculo	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Utilizáronse os tipos de datos e referencia para celas, rangos, follas e libros
CA3.2 Aplicáronse fórmulas e funcións básicas
CA3.3 Xeráronse e modificáronse gráficos de diferentes tipos
CA3.4 Utilizouse a folia de cálculo como base de datos sinxelos
CA3.5 Utilizáronse aplicacións e periféricos para introducir textos, números, códigos e imaxes
CA3.6 Aplicáronse as regras de ergonomía e saúde no desenvolvemento das actividades

4.3.e) Contidos

Contidos
Tipos de datos. Referencias a celas. Rangos. Follas. Libros.
Utilización de fórmulas e funcións.
Creación e modificación de gráficos.
Elaboración de distintos tipos de documentos.
Aplicación de regras ergonómicas.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Elaboración de presentación	84

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Elabora presentacións gráficas utilizando aplicacións informáticas	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícanse as opcións básicas das aplicacións de presentacións
CA4.2 Recoñécense os tipos de vista asociados a unha presentación
CA4.3 Aplicáronse e recoñécense as tipografías e as normas básicas de composición, deseño e utilización da cor
CA4.4 Créanse presentacións sinxelas incorporando texto, gráficos, obxectos e ficheiros multimedia
CA4.5 Deseñáronse patróns de presentacións
CA4.6 Utilizáronse periféricos para executar presentacións asegurando o correcto funcionamento

4.4.e) Contidos

Contidos
Identificación de opcións básicas das aplicacións de presentacións.
Deseño e edición de diapositivas. Tipos de vistas.
Formatado de diapositivas, textos e obxectos.
Utilización de patróns e asistentes.
Presentación para o público: conexión a un proxector e configuración.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A avaliación dos alumnos e alumnas do módulo "APLICACIÓNS BÁSICAS DE OFIMÁTICA" terá carácter continuo, formativo e integrador.

MINÍMOS EXIGIBLES EN OFIMÁTICA

- Tramita información en liña aplicando ferramentas de internet, intranet e outras redes.
- Realiza comunicacións internas e externas mediante as utilidades de correo electrónico seguindo as pautas administrativas.
- Elabora documentos utilizando as aplicacións básicas de follas de cálculo.
- Elabora presentacións gráficas utilizando aplicacións informáticas.

O alumnado será calificado tendo en conta os seguintes criterios:

- Calificacións obtidas nas probas de avaliación un 70%, no caso de que se realicen varias probas, calificarase a avaliación aplicando a media ponderada en función dos contidos calificados nas distintas probas, esixindo como mínimo unha puntuación de 5 puntos.
- Realización de exercicios, actividades e traballos, participación na clase, a actitude, o interese e o coidado dos materiais empregados, un 30%: o alumnado deberá realizar os traballos individuais e en grupo organizados polo profesorado. A entrega deberá realizarse nas datas establecidas e será obrigatoria para a superación do módulo.

Se no desenvolvemento dalgunha das probas de avaliación o profesorado observa a utilización por parte dalgún alumno de medios non permitidos durante as mesmas, a proba será calificada cunha puntuación de cero puntos.

Esixirase ter aprobada a parte teórico-práctica para poder realizar a media ponderada da avaliación. Unha vez fixadas as datas de realización das probas de avaliación, a falta de asistencia as mesmas, salvo por causa médica xustificada, non dará lugar a unha proba individual nunha data distinta á establecida, podendo o alumnado examinarse na proba de recuperación.

PROCEDEMENTOS PARA DEFINIR AS PROBAS DE RECUPERACIÓN:

- Se o alumnado non supera algunha das avaliacións, realizarase unha proba de recuperación na que se esixirá o contido impartido durante toda a avaliación ou ben daquelas probas que non superaran os 5 puntos.
- Para calificar de xeito positivo o módulo, o alumnado ten que obter un resultado de 5 puntos ou superior en todas as avaliacións, de tal forma que a puntuación deste sexa a media de ditas avaliacións.
- Soamente se fará media das avaliacións cando se teña a puntuación en cada unha delas de 5 puntos ou superior.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os alumnos que non superaran algún resultado de aprendizaxe deberán realizar as oportunas probas de recuperación en cada trimestre.

Considerarase que o alumno supera o resultado de aprendizaxe se na citada proba obtén unha puntuación mínima de 5 puntos. En todo caso o alumnado poderá realizar unha proba final de ciclo que se realizará coincidindo coa finalización das actividades lectivas segundo a Orde de 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.

O profesorado tamén pode establecer a realización de actividades prácticas adicionais de recuperación, consistentes en actividades de reforzo para os alumnos que non superen algunha das sesións de avaliación que se programan ao longo do curso que incidan especialmente nos contidos que máis dificultade lle reportasen a éstos.

Con independencia do sinalado, o profesorado poderá recomendar a realización de exercicios e actividades aos alumnos con dificultades de aprendizaxe da materia, para que eles poidan confeccionalos de forma autónoma, todo elo coa finalidade de que os alumnos/as con dificultades poidan acadar os obxectivos do módulo, tal e como se expón no apartado correspondente desta programación. Independentemente do anterior, o

alumnado que non supere as probas de avaliación correspondentes á materia impartida, e/ou teña pendente algunha avaliacións deberá presentarse a unha proba final de módulos, que se realizará con anterioridade ao período establecido con carácter xeral para a realización da FCT (Orde de 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas), na que será avaliado daquelas partes da materia non superadas. Proba extraordinaria de recuperación que consistirá nun exame teórico-práctico, no que terá que acadar unha puntuación mínima de 5 puntos nos contidos avaliados.

O alumnado que na avaliación final previa a FCT non acade unha avaliación positiva deberá presentarse á proba extraordinaria do módulo completo, que se realizará coincidindo coa finalización das actividades lectivas, e consistirá nun exame teórico-práctico no que o alumnado deberá demostrar que acadou os resultados de aprendizaxe do módulo. O alumnado debe asistir ás probas escritas no día e hora acordados para a súa celebración. En caso de que non asista soamente poderá realizar a proba noutra data cando xustifique a ausencia á primeira por causas de forza maior ou problemas de saúde que lle impidan realizar as probas en condicións óptimas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos que superen a porcentaxe de faltas á clase legalmente establecida, perderán o dereito á avaliación continua, o que lle será comunicado por escrito polo seu Titor/a.

Aqueles alumnos que teñan acadado a perda do dereito a avaliación continua deberán realizar unha proba final extraordinaria para poder superar o módulo. Nesta proba, o alumnado terá que demostrar que posúe os coñecementos mínimos esixibles de cada un dos bloques de contidos desta programación. Esta proba constará de dúas partes (100%):

1ª Parte: proba teórica que versará sobre os contidos de cada unha das unidades didácticas do currículo do módulo (50%).

2ª Parte: proba práctica na que se levará a cabo como mínimo un dos exercicios prácticos realizados polo alumnado en cada avaliación (50%).

A cualificación será numérica entre 1 e 10 puntos, e para superala deberá obterse unha puntuación mínima de 5 puntos, en cada unha das partes anteriores.

Todo isto non será de aplicación ao alumnado de ciclos de formación profesional básica en idade de escolarización obrigatoria. (segundo a Orde nº 137 do 13 de xullo de 2015).

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Seguimento da programación:

O seguimento da programación realizarase na plataforma da Xunta, ao rematar cada UD ou como mínimo mensualmente no caso de que o desenvolvemento da unidade didáctica durase mais de un mes. Tamén se utilizará un diario de aulas, no cal partindo desta programación organizada en unidades didácticas secuenciadas no tempo, recollerase as actividades realizadas, así como as observacións que se consideren oportunas, para continuar co correcto desenvolvemento da programación inicial ou propondo medidas para atinxir a consecución dos obxectivos previstos na mesma.

Ó final do ano realizarase unha valoración global.

Ó final do curso académico realizarase unha enquisa entre o alumnado para valorar a práctica docente; solicitarase ao alumnado que respondan a un cuestionario de avaliación de calidade docente con preguntas sobre a metodoloxía didáctica empregada, as actividades de ensino-aprendizaxe, a temporalización das actividades, as probas escritas, técnicas de avaliación; outras cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos marcados nas unidades didácticas, etc.

Logo de ver os resultados da enquisa do labor docente, farase un axuste naqueles aspectos nos que os alumnos valoren o meu labor con nota mais baixa.

Estes axustes rexistraranse no seguimento da programación, e teranse en conta nos vindeiros cursos.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao abeiro do art. 28 da Orde do 12 Xullo de 2011, na 1ª quincena do curso académico farase unha avaliación inicial para detectar os coñecementos previos do alumnado en relación ao módulo, e observarase a actitude do alumnado co fin de emitir un informe por parte da titora daquelas circunstancias especiais apreciadas nos alumnos (características xerais do grupo, e específicas académicas e/ou persoais con incidencia educativa). Polo tanto, a avaliación inicial terá como obxectivo identificar os coñecementos, destrezas e competencias previas coas que conta o alumnado antes de comezar a traballar os contidos do módulo.

Procedemento para a realización da avaliación inicial: ao comezo do curso, no momento de cubrir as fichas persoais dos alumnos, realizarase unha valoración de cada un deles, a partir dos datos académicos e de experiencia profesional, que facilite cada profesor/a do ciclo. A tal fin, cada profesor/a do equipo docente do ciclo deberá coordinarse coa titora para recoller información sobre os coñecementos e características previas do alumnado. Valorará a información dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada e consultará co departamento de Orientación en caso de detectar alumnos/as con necesidades educativas especiais ou que requiran apoio educativo específico.

As medidas de atención á diversidade estarán orientadas a responder á diversidade do alumnado e á consecución dos resultados de aprendizaxe vencellados ás competencias profesionais do título, e responderá ó dereito a unha educación inclusiva que lles permita acadar os obxectivos e a titulación correspondente.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A programación está elaborada para un grupo de alumnos/as, onde a maior diferenza son os estudos cursados con anterioridade. A atención pode ser tan diversa que para cada caso adoptaranse distintas medidas especiais en función das necesidades e da situación concreta de cada alumno/a.

Así, na medida do posible tratarase de detectar o alumnado que requira unha atención especial no seu proceso de aprendizaxe. Detectadas ditas dificultades tras a avaliación inicial, o alumno/a será obxecto dun seguimento especial na impartición do módulo, propoñéndose actividades específicas de apoio, que realizará fora do horario do módulo e serán supervisadas polo profesor, sempre e cando o alumnado así o requira. Estas tarefas complementarias e non deben afectar a temporalización que figura na programación, para así poder desenvolver todos os RA asociados ao módulo e non prexudicar ao resto do alumnado.

Como medidas de reforzo educativo para potenciar os contidos nos que os alumnos teñan dificultades na consecución dos obxectivos, realizaranse:

- Exercicios específicos para acadar os contidos mínimos.
- Exercicios de consolidación, para os alumnos que acadando os contidos mínimos teñen certas dificultades nalgún concepto ou procedemento.

Medidas de ampliación para os alumnos que superen amplamente os obxectivos do módulo:

- Exercicios especiais para os alumnos que demostren un dominio notable de conceptos e procedementos.
- Exercicios de investigación de contidos non tratados na aula. Estes exercicios variarán segundo a unidade didáctica de que se trate, procurando fomentar no alumno a creatividade.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Son temas moi importantes xa que acercan o alumnado a realidade social e os problemas que acontecen. E unha forma máis de socializalos e fomentar neles hábitos e actitudes de axuda, colaboración, cooperación, altruísmo...

Aspectos tales como o traballo en equipo, o civismo, a educación para a convivencia ou a igualdade de homes e mulleres están implícitos no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, de xeito que se converta nunha práctica diaria e sistemática, no só no centro académico senón tamén na súa vida diaria persoal e profesional.

Hai que ter sempre en conta a realidade da aula. Traballarémolos de maneira globalizada ó longo de todo o curso, en tódalas actividades e areas:

- Educación para a saúde: fomentado ó longo do ano actitudes e hábitos de hixiene.
- Educación para igualdade de oportunidades: fomentando a igualdade entre o alumnado.
- Educación vial: Comentaremos a importancia que ten o respecto polas normas de tráfico, solidariedade no auxilio de accidentados, etc.
- Educación para a paz: Valoraremos a necesidade de respectar as ideas, costumes, formas de pensar e vivir diferentes.
- Educación moral e cívica: Fomentar o respecto as persoas e obxectos que nos rodean.
- Educación para o ocio e o tempo libre: dar ideas o alumnado para aproveitalo da mellor maneira para o seu desenrolo.
- Educación do consumidor: fomentamos actitudes como aforro de auga, só debemos mercar o que necesitamos, potenciamos as 3 R (reducir, reciclar e reutilizar), traballando, en tódolos ámbitos, a educación ambiental.

Aspectos tales como o traballo en equipo, o civismo, a educación para a convivencia ou a igualdade de homes e mulleres están implícitos no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, de xeito que se converta nunha práctica diaria e sistemática, no só no centro académico senón tamén na súa vida diaria persoal e profesional.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Á marxe das actividades de ensino-aprendizaxe deseñadas para cada unha das unidades didácticas, cómpre describir outras actividades que se diferenzan de aquelas polos recursos, tempos e espazos necesarias para o seu desenvolvemento: actividades complementarias e extraescolares. A intención de programar este tipo de actividades é completar a formación do alumnado, achegándonos á realidade social ou escoitando outras voces á marxe da do profesorado.

A continuación defínense ambos tipos de actividades, enumerando algunhas das que poden ser programadas polo departamento para ser levadas a cabo durante o curso escolar: Actividades complementarias: a realizar co alumnado en horario lectivo.

1ª- Charlas-coloquio.

2ª- Simulacro de evacuación do instituto.

3ª- Actividades extraescolares, tales como visitas a empresas, feiras de emprego, etc.

10. Outros apartados

10.1) METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A metodoloxía terá carácter globalizador y tenderá á integración de competencias e contidos entre os distintos módulos profesionais.

Adaptarase ás necesidades do alumnado e á adquisición progresiva das competencias do aprendizaxe permanente, para facilitarlles a transición cara á vida activa e a súa continuidade no sistema educativo.

A metodoloxía a utilizar será en todo momento activa, facendo que o alumnado participe no seu proceso de aprendizaxe, o cal dependerá do contido de cada unha das unidades didácticas, pero en xeral, responderá ó seguinte esquema:

- Explicacións do profesor, presentando os contidos e fomentando en todo momento a intervención do alumnado, deixando que sexa este quen plantexe a maior parte de interrogantes e tamén as solucións.



- Busca da información por parte do alumnado naquelas unidades e temas no que resulte procedente.
- Realización de actividades propostas que ademais de complementar as explicacións, serven para afianzar a comprensión dos contidos e aporten dinamismo ás clases.
- Realización de actividades finais encamiñadas a reforzar e ampliar o aprendido, así como a conectar a teoría coa realidade, poñendo en práctica os coñecementos adquiridos.
- Traballos individuais e en grupo sobre temas de actualidade relacionados cos contidos, para valorar a aportación de ideas persoais e o traballo en equipo.

10.2) RECURSOS DIDÁCTICOS A EMPREGAR

- Libro de texto "Aplicacións básicas de ofimática" da editorial Paraninfo
- Material complementario: fotocopias.
- Ordenadores.
- Impresora multifunción.
- Cañón de proxección e pantalla desplegable.
- Conexión a Internet.
- Aplicacións informáticas.